



MEMORIA XUSTIFICATIVA

ADDENDA NÚM. 1 AO ACORDO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE OS BLANCOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN MATERIA DE URBANISMO

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creada polo Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, en virtude no apartado m) do artigo 13º.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

O antecedente da addenda núm. 1 á que se refire a presente memoria é o acordo de cooperación entre a Xunta de Galicia e o Concello de Os Blancos asinado o 8 de xullo de 2020 cuxo obxecto é o de acometer a actuación consistente na pavimentacións de rúas en Nocado.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: "Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma".

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Os Blancos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do acordo ata o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao Concello e a formalización da acta de entrega.

4.- Obxecto

O obxecto da Addenda ao acordo consiste na modificación do contido da Cláusula cuarta -financiamento-, co fin de axustar os importes das súas anualidades para unha adecuada execución dos compromisos establecidos no indicado acordo.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Os Blancos trata de promover unha actuación consistente na Pavimentación de rúas en Nocado.





O PLAN hURBE 2019-2021 continúa na senda iniciada polo PLANS hURBE 2010- 2013 e 2014-2017 tratando de articular unha estratexia de posta en valor das vilas, tanto as grandes como as pequenas, e dos núcleos rurais, que permita crear as condicións propicias para o seu desenvolvemento sostible, sen prexuízo de actuacións puntuais nas cidades, que se encadren nos obxectivos fixados neste Plan.

A tal fin e preciso, acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos e, en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida dos seus habitantes.

Este Plan persegue os seguintes obxectivos:

1. Promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sostibilidade económica, medioambiental e social.
2. Mellorar os equipamentos e dotacións, aumentando a variedade e elevando os niveis de servizos có fin de proporcionar unha oferta de calidade e axeitada ás necesidades da poboación có fin de incrementar o atractivo das vilas e dos núcleos rurais da nosa comunidade autónoma.
3. Fomentar a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico das vilas.
4. Incorporar as tecnoloxías de información tanto nas instalacións como na previsión de usos e actividades dos equipamentos municipais.
5. Prestar especial atención a aquelas accións sensibles á especificidade de xénero que garantan un acceso máis equitativo de mulleres e homes aos bens e servizos.

Para a consecución destes obxectivos desenvolveranse accións nas mesmas áreas de actuación que as contempladas no PLANS hURBE 2010-2013 e 2014-2017:

Programa de equipamentos públicos, cos seguintes obxectivos específicos:

- Incrementar a oferta de infraestruturas e equipamentos óptimos para o desenvolvemento de actividades e eventos de carácter cultural que permitan garantir o acceso á cultura á totalidade da poboación.
- Contribuír á dinamización cultural, económica e de cohesión social, priorizando as actuacións en comarcas carentes destas infraestruturas.

Programa de humanización de rúas, cos seguintes obxectivos específicos:

- Recuperación de espazo público peonil para facilitar os desprazamentos e potenciar a súa función como espazo de encontro dos veciños.





- Mantemento e conservación das rúas en óptimas condicións de seguridade, para os vehículos e transeúntes.

Programa de urbanización e mellora de espazos públicos, cos seguintes obxectivos específicos:

- Rexeneración medioambiental de espazos degradados para o seu uso pola colectividade.
- Incrementar a oferta dos espazos de convivencia, con especial atención a aqueles que revistan un especial interese histórico, artístico ou arquitectónico.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do acordo para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse.

Circunstancias de índole técnico e os prazos determinados para a contratación e adxudicación das obras que constitúen o obxecto do acordo, impediron a materialización das execucións previstas para o exercicio orzamentario de 2020. Isto implica a necesidade de proceder ao reaxuste das anualidades, para adecuar as dotacións económicas á realidade das execucións establecidas no mesmo ata acadar a súa finalización.

Para a tramitación da Addenda núm 1 ao acordo, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura. Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

